

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 3
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:			Nacionalidade:		
Data de nacemento:	___ / ___ / ____		Sexo:	Home ☐	Muller ☐
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía				
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea				
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga



4

Proba A1

Vostede coñece unha señora galega que vive na Arxentina, Dosinda, que investiga sobre as tradicións da Península Ibérica. Hai unha semana recibiu unha carta dela na que lle pide información sobre a Festa dos Fachóns de Castro Caldelas. Logo de oír esta entrevista, decide escribirlle unha **carta**. No texto, en **300 palabras**, ten que:

- Explicarlle que son os fachóns e en que consiste esta festa.
- Sinalarlle que utilidade tiñan en tempos pasados.
- Indicarlle polo menos dúas posibles explicacións da orixe desta tradición.
- Contarlle a súa experiencia nalgunha festa popular e suxerirlle que investigue sobre ela.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Vostede ten un afillado de 16 anos ao que lle gustan moito as ciencias. Logo de ler esta nova sobre un premio de innovación, decide pasarlle a información. Para iso, ten que redactar unha **mensaxe electrónica**, de **300 palabras**, na que ten que:

- Contarlle en que consiste o premio (indicar promotores, obxectivos e destinatarios).
- Mencionarlle cales son as vantaxes de presentarse a este premio e explicarlle algún invento de edicións anteriores.
- Suxerirle un invento para que o presente ao concurso e describiilo detalladamente.
- Intentar convencelo para que se presente ao devandito premio.

PREMIO GALICIA INNOVACIÓN JÚNIOR

O Premio Galicia Innovación Júnior convócao anualmente a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i) da Consellaría de Innovación e Industria para estimular o espírito creativo e a capacidade innovadora entre os máis novos (dos 12 aos 18 anos). Nel valórase especialmente a aplicación de coñecementos adquiridos na vida académica que lles permitan innovar desde as aulas. Entre os obxectivos deste premio están:

- Concienciar os estudantes de ensino secundario sobre a importancia da I+D+i no desenvolvemento económico e no benestar social de Galicia.
- Fomentar a cultura científica.
- Impulsar o espírito científico e emprendedor e as profesións científicas e tecnolóxicas.

Os autores dos traballos gañadores recibirán un ordenador portátil e un lote de material divulgativo. Ademais, o primeiro premio de cada unha das categorías será sometido a unha consulta sobre a súa orixinalidade ante a Oficina Española de Patentes e Marcas. Se este informe resulta favorable e se existe interese en solicitar a patente por parte do autor ou autora, a Dirección Xeral de I+D+i, a través do seu Servizo de Propiedade Industrial, comprométese a asesoralo na redacción da solicitude de patente e a pagar a taxa de solicitude correspondente.

Nas anteriores edicións resultaron gañadores os seguintes inventos:

- **Un sistema radiotransmisor de limitacións de velocidade viaria:** o sistema está deseñado para todo tipo de condutores e está pensado para evitar distraccións ou perda de atención ao volante. A utilización do radiotransmisor serviría para establecer un sistema universal de transmisión dos límites de velocidade aos condutores en tempo real e evitaría dúbidas sobre cales son as normas en cada situación. O sistema tería un custo baixo e poderíase integrar noutros dispositivos do automóbil como o ordenador de a bordo ou o cadro de mandos.
- **Cinto de seguridade intelixente:** o invento supón unha mellora –a través dun sinal acústico– con respecto aos sistemas que se utilizan actualmente para lles lembrar aos usuarios dun coche que poñan o cinto.

- **Cuberta automática para piscinas:** chega unha solución para protexer da chuvia a auga de piscinas públicas, de comunidades de propietarios ou de vivendas privadas. Un sistema incorporado á piscina desprega unha cuberta sobre esta en canto detecta que está chovendo.
- **Alarma antirroubo para mochilas:** sistema que avisa cando se abre a cremalleira dunha mochila mediante un díodo LED visible ao portador, unha alarma sonora e un dispositivo vibrador. A fonte de alimentación instálase no fondo da mochila e os cables entre as costuras.
- **Cepillo-aspirador para animais:** evita que ao cepillar as mascotas o pelo destas quede no cepillo ou caia ao chan. O dispositivo consta duns buracos polos que, mentres as púas pasan entre o pelo do animal, o aspirador recolle o que queda solto, colocándoo nun depósito extraíble situado no mango do cepillo.
- **Pipaplus:** sistema que incorpora ás bolsas de pipas un dispositivo que serve para botar as cascas sen manchar o chan. É unha bolsa de plástico debidamente dobrada que se abre no exterior e se fixa cunha cinta adhesiva.
- **Freos para W.C.:** este dispositivo evita que a tapa do inodoro caia con forza cando se baixa, provocando ruído ou posibles danos. Consta de dous resortes colocados nos laterais e fixados con buracos tradeados na tapa que frean a caída e fan que baixe progresivamente.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións: